



## ÍNDICE MEMORIA XUSTIFICATIVA

<b>1. ANTECEDENTES</b> .....	<b>1</b>
<b>2. ASPECTOS FORMAIS</b> .....	<b>3</b>
A. Documentación .....	3
B. Adaptación ás novas normativas xurdidas con posteridade á redacción do documento para a Aprobación Inicial .....	4
C. Estrutura Xeral e orgánica do territorio. Reservas de solo para dotacións públicas.....	5
D. Informe previo da Consellería de Política Territorial .....	6
1.- Cuestións de carácter xeral: .....	6
2.- Estrutura xeral e orgánica do territorio e dotacións urbanísticas.....	8
3.- A clasificación do solo.....	8
4.- Determinacións en solo urbano .....	12
5.- Determinacións nos núcleos rurais .....	12
6.- Determinacións en solo rústico.....	12
7.- Determinacións en solo urbanizable.....	12
8.- Aproveitamento Tipo .....	13
9.- Estratexia de actuación e estudo económico .....	13
10.- Normativa .....	13
11.- Documentación .....	13
12.- Análise do Plan ós efectos do cumprimento da Lei de Costas.....	14
E. Xustificación da coherencia e conformidade coas Directrices de Ordenación do Territorio ...	14
<b>3. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E SOLUCIÓN XERAIS DE ORDENACIÓN.....</b>	<b>17</b>
3.1. Consideración xerais .....	17
3.2. Obxectivos e solucións xerais .....	20
<b>4. CLASIFICACIÓN DO SOLO.....</b>	<b>23</b>
4.1. SOLO URBANO .....	23
4.1.1. Criterios da delimitación de cada clase de solo .....	23
4.1.2. Áreas de Planeamento Incorporado (API) .....	24
4.1.3. Xustificación da división do solo urbano en dous distritos .....	26
4.1.3. Dotacións públicas e Edificabilidade .....	28
4.2. SOLO URBANIZABLE.....	29
4.3. SOLO DE NÚCLEO RURAL .....	31
4.3.1. O tratamento no Plan anterior .....	31
4.3.2. A situación actual .....	31
4.3.3. Análise sobre as posibilidades de clasificación do solo dos núcleos .....	33
4.3.4. Superficies clasificadas como núcleo rural .....	36

4.3.5. Plans Especiais de Protección do núcleo rural .....	38	17.4. INCORPORACIÓN E AXUSTE DOS CORREDORES ECOLÓXICOS .....	83
4.4. SOLO RÚSTICO .....	38	17.5. PLANO SÍNTESE DO POL FRONTE A ORDENACIÓN PROPOSTA .....	88
4.4.1. Resumo de Clases de Solo Rústico.....	41	<b>18. CONCLUSIÓNS .....</b>	<b>90</b>
4.4.2. Ámbitos Suxeitos ó Desenrolo de Plans Especiais en Solo Rústico .....	42		
4.6.- RESUMO DA CLASIFIACIÓN DO SOLO .....	43		
<b>5. CRITERIOS DAS NORMAS URBANÍSTICAS .....</b>	<b>43</b>		
<b>6. CATÁLOGO DE BENS A PROTEXER .....</b>	<b>44</b>		
<b>7. DELIMITACIÓN DÁS ÁREAS DE REPARTO .....</b>	<b>45</b>		
<b>8. OBTENCIÓN DE TERREOS DESTINADOS A SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS</b>	<b>45</b>		
<b>9. DISPOSICIÓNS SOBRE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS URBANÍSTICAS.....</b>	<b>46</b>		
<b>10. ESTRUTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO .....</b>	<b>48</b>		
10.1.Sistemas de comunicacións.....	48		
10.1.1. Sistema xeral viario .....	48		
10.1.2. Sistema local viario .....	49		
10.2. Sistema xeral de infraestruturas e servizos .....	50		
10.3. Sistemas de espazos libres e zonas verdes .....	50		
10.4. Sistema de equipamentos.....	51		
10.5. Sistemas xerais de espazos libres e equipamentos .....	52		
<b>11. NECESIDADES DE SOLO .....</b>	<b>54</b>		
11.1. Demografía .....	54		
11.2. Evolución do parque de vivendas .....	55		
11.3. As necesidades de vivendas de protección pública.....	57		
11.4. As necesidades de vivendas no ano horizonte do plan .....	60		
<b>12. ESTIMACIÓN DA CAPACIDADE RESIDENCIAL MÁXIMA .....</b>	<b>66</b>		
<b>13. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS MÍNIMAS DE SOLO PARA SISTEMAS XERAIS DE ESPAZOS LIBRES E DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO.....</b>	<b>72</b>		
<b>14. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS MÍNIMAS DE SOLO PARA SISTEMAS LOCAIS DE ESPAZOS LIBRES E DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO EN CADA DISTRITO .....</b>	<b>73</b>		
<b>15. XUSTIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DO SOLO URBANO .....</b>	<b>76</b>		
<b>16. XUSTIFICACIÓN DO CUMPLIMENTO DO ARTIGO 30 LA LEI DE COSTAS .....</b>	<b>78</b>		
<b>17. XUSTIFICACIÓN DA ADAPTACIÓN DO MODELO TERRITORIAL DO PXOM AO POL .....</b>	<b>79</b>		
17.1. OBXECTIVOS .....	79		
17.2. DELIMITACIÓN DO NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL DE BAIONA .....	79		
17.3. DELIMITACIÓN DOS ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN.....	82		

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O presente documento, constitúe a memoria xustificativa do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BAIONA na provincia de Pontevedra.

Neste documento sintetízase a problemática urbanística do Municipio, obtida a partir da análise efectuada na fase de Información e avance, definíndose en consecuencia os obxectivos e solucións xerais de ordenación do Municipio, así como ás definicións e delimitacións dos distintos tipos de solo, proposta de ordenación e delimitación dos sistemas de núcleos de poboación, e ás áreas de protección especial aplicables en cada caso.

### 1. ANTECEDENTES

- En data 8/03/ 2005 o Concello de Baiona asinou un contrato administrativo coa consultora Servicat para a redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana e cartografía do Concello de Baiona.
- En data 14/12/2007 o Concello remitiu a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (en adiante CPTOPT) o documento do PXOM para os efectos de emisión de informe previo consonte o artigo 86.1 LOUPMRG. Asemade remitiuse o documento a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ós efectos de emitir informe previo conforme a Lei 4/94 do 14 de setembro, de Estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección General de Costas del Ministerio de Medio Ambiente consonte o disposto 112 e 117 da Lei 22/88, de 28 de julio de Costas.
- En data 18/02/2008 a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible remite ó Concello o documento de referencia para o procedemento de Avaliación Ambiental.
- En data 21/02/2008 a Deputación Provincial de Pontevedra remite o informe en relación coas estradas provinciais sobre Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona.
- En data 21/05/2008 a Secretaría General del Mar del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino emite informe previo do PXOM do Concello de Baiona.
- En data 9/07/2008 o Concello de Baiona solicita a CPTOPT que se emita informe previo segundo o disposto artigo 86 da Lei 9/2002.
- En data 24/11/2008 o Pleno da Corporación prestou aprobación inicial ó documento do PXOM do Concello de Baiona redactado pola entidade mercantil SERVICAT OURENSE SLL (BOP núm. 32 de data 7/02/2009) e someteuse ó período de exposición ó público por un prazo de dous meses mediante inserción de anuncio nos diarios La Voz de Galicia y faro de Vigo de data 2/12/2008 y DOG de 1/12/2008. Durante este prazo presentáronse 788 alegacións.
- No expediente consta os seguintes informes sectoriais consonte o disposto no artigo 86.1.b) da LOUG.

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	DATA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO	30-12-2008
PORTOS DE GALICIA	08-01-2009
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	14-01-2009
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	11-02-2009
ESPINA E DELFIN-CONCESIONARIA DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO	04-03-2009
AUGAS DE GALICIA	27-05-2009
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	04-05-2009
DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS	25-06-2009
SERVIZO DE MINAS DA CONSELLERÍA DE INDUSTRIA	26-06-2009
SERVIZO DE MONTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	16-10-2009
SECRETARIA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIONES	26-10-2009
DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	10-07-2012
AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO	09-08-2012

- En data 12/01/2012 resolveuse por mutuo acordo o contrato administrativo con Dna. M<sup>a</sup> Asunción Rivero Hermida E/R Servicat para a redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana e cartografía do Concello de Baiona .
- En 16/03/2012 asínase contrato administrativo entre o Concello de Baiona e a entidade mercantil INTERURBAN SA para a continuidade dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baiona.
- A consultora, INTERURBAN SA presenta o documento en data decembro de 2012, o cal apróbbase en data 6/02/2013 e é sometido a exposición pública polo prazo de dous meses (DOG nº 30 do martes 12 de febreiro de 2013). Durante este prazo presentaranse 289 alegacións e recibíronse os seguintes informes sectoriais consonte o disposto no artigo 86.1.b) da LOUG.

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	DATA
SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	21-01-2013
AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO	25-02-2013
SECRETARÍA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIONES	25-02-2013
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUERO	03-04-2013
ESPINA E DELFIN-CONCESIONARIA DE ABSATECEMENTO E SANEAMENTO	05-04-2013
DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR	09-04-2013
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUERO (INFORME COMPLEMENTARIO)	09-04-2013
DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL	22-04-2013
SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO (COSTAS)	26-04-2013
DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	29-04-2013
MINISTERIO DE DEFENSA	30-04-2013
SECRETARÍA DE ESTADO DE CULTURA	10-05-2013
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR (PORTOS DE GALICIA)	15-05-2013
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR (MONTES)	29-05-2013



AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	03-06-2013
DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	05-06-2013
XEFATURA TERRITORIAL DE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (MINAS)	12-06-2013
AUGAS DE GALICIA	01-07-2013
SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO (PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL)	19-07-2013
AUGAS DE GALICIA (COMPLEMENTARIO)	03-09-2013
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR (PORTOS DE GALICIA)	29-09-2013
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO	08-10-2013
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO	02-12-2013

- En data 31/10/2013, presentouse o PXOM coa proposta de Memoria Ambiental, consonte o artigo 85.5 la LOUG, para a remisión ao órgano ambiental.
- En data 20/01/2014, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental aprobou a Memoria Ambiental.
- En data 07/02/2014, presentouse o documento do PXOM, coas determinación sinaladas na Memoria Ambiental.
- En data 19/02/2014, a Xunta de Galicia emite informe en materia de Costas.
- En data 10/03/2014, Costas do Estado emite informe, consonte o artigo 117 da Lei de Costas.

## 2. ASPECTOS FORMAIS

### A. Documentación

A Documentación gráfica representouse sobre unha nova cartografía realizada por encarga do Concello dixitalizada dun novo voo realizado a principios do ano 2006.

Durante o 2012, revisouse a cartografía mediante ortofoto mapas e actualizouse a cartografía nunhas zonas.

As determinacións sobre clasificación do solo e sobre a estrutura xeral do territorio representáronse a escala 1:5.000, asignando á totalidade dos sistemas xerais unha clasificación de solo, doadamente identificable na representación gráfica.

As determinacións sobre os núcleos rurais, tanto relativas á información como á ordenación, se representaron illadamente a escala 1:2.000, para a súa mellor identificación e comprobación.

O PGOU 94 clasificou o solo como solo urbano, solo urbano de núcleo rural, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable. A entrada en vigor da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, supuxo un replanteamento do concepto legal de núcleo rural a fin de abarcar a multiplicidade de tipoloxías do asentamento rural da Comunidade Autónoma de Galicia de predominante carácter rural e se recollen tres tipos de núcleos: núcleo rural histórico tradicional, onde se manteñen todas as características que xa se recollen na lei vixente: o núcleo rural común no que se inclúen todos os asentamentos recoñecibles como solo de núcleo rural que presenta un grao de consolidación pola edificación igual ou superior o terzo da súa superficie, pero

que non reúnanas características imprescindibles para súa inclusión polo plan xeral no tipo básico anterior e o núcleo rural complexo referido os asentamentos de poboación que sexan resultado da concorrencia e compatibilidade no seno dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos anteriores.

É por isto que no presente plan procedeuse a clasificación do solo- delimitando como solo urbano aquel que reúne os requisitos do artigo 11 e 12 LOUG, e reformulouse a delimitación dos núcleos rurais.

A Documentación escrita confórmana os seguintes documentos que están adaptados á lexislación vixente, Lei 9/02 modificada pola Lei 2/2010 de medidas urxentes:

- Memoria Informativa, que se complementa cos estudos pormenorizados contidos no estudo do medio rural e no estudo de sustentabilidade ambiental.
- Memoria xustificativa das determinacións de ordenación para a consecución dos fins e obxectivos do plan.
- Normas urbanísticas, revisadas na súa integridade para regulala nova ordenación.
- Estratexia de actuación e estudo económico das actuacións consideradas no Plan.
- Catálogo dos bens de interese etnográfico, arquitectónico e arqueolóxico a protexer.
- Estudo de Sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico adaptado ás directrices da Consellería de Medio Ambiente para o cumprimento da Lei 9/2006 do 28 de abril de avaliación do plan sobre o medio.

### B. Adaptación ás novas normativas xurdidas con posteridade á redacción do documento para a Aprobación Inicial

O contido do presente Plan Xeral axustouse ás mencionadas leis, que modifican determinados aspectos da Lei 9/02 de ordenación urbanística e de protección do medio rural, de forma que as súas determinacións non son en ningún caso menos restritivas, sendo este o criterio de interpretación que ha de rexer as súas determinacións normativas.

Tamén se tivo en conta a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais, xa que segundo a súa disposición transitoria primeira debe terse en conta xa que non se iniciou o trámite de información pública.

Igualmente tívose en conta o articulado do Texto refundido da Lei do solo aprobado por RD 2/2008 de 20 de xuño, que afectan fundamentalmente ó estatuto da cidadanía, ó estatuto da urbanización e ó estatuto da propiedade do solo, abordando novos criterios de valoración ós efectos reparcelatorios, expropiatorios e de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.

Tamén se tivo en conta a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais, xa que segundo a súa disposición transitoria primeira debe terse en conta xa que non se iniciou o trámite de información pública.

A lei de ordenación da Minería 3/2008 e a Lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, tamén introduxeron modificacións que foron tidas en conta no presente documento para a aprobación provisional.

As Directrices de Ordenación do Territorio no DOG aprobadas por Decreto 19/2011, de 10 de febreiro

En data 31/03/2010 publicouse no DOG a Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia cuxa disposición transitoria primeira dispón que os plan xerais que a data de entrada en vigor da lei, foran aprobados inicialmente poderán continuar su tramitación a tenor do disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente á presente lei. En base as determinacións da Lei 2/2010 foi necesario reaxustar gran parte do documento, en particular o que se refire ó estudo dos núcleos rurais, xa que os conceptos, clases e criterios de delimitación cambiaron substancialmente. Do mesmo xeito, foi necesario introducir modificacións na normativa urbanística, en particular para recoller o réxime urbanístico, non só dos núcleos rurais senón tamén o do solo rústico e o réxime aplicable as situacións de fóra de ordenación.

O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, aprobado por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, tamén supuxo a necesidade de adaptación as súas determinacións, xa que establece unha serie de proteccións (intermareal, costeira, mellora ambiental e paisaxística, corredores, rede de espazos naturais, núcleos de identidade, ámbitos de recualificación e sistemas xerais), que afectan ós solos rústicos, urbanizables, e solos urbanos non consolidados, delimitados no documento aprobado inicialmente.

A porcentaxe de vivenda protexida fíxase en virtude da modificación do apartado 11 do artigo 47 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia pola Lei 8/2012 de 29 de xuño de Vivenda de Galicia.

O Plan Hidrolóxico-demarcación Hidrográfica de Galicia Costa aprobado polo Consello da Xunta en data 14 de setembro de 2012 que regula as zonas inundables, zonas de fluxo preferente

### **C. Estrutura Xeral e orgánica do territorio. Reservas de solo para dotacións públicas**

Tanto na memoria como nos planos identificáronse o sistema de dotacións existente e previsto, diferenciando as que son públicas ou privadas, e as que teñen o carácter de sistema xeral ou de dotacións locais.

Todas as dotacións públicas de nova creación, xa sexa espazos libres ou equipamentos, se identificaron nos planos cun número, o seu carácter xeral ou local, a súa clasificación de solo, a súa adscrición ou inclusión no sector se é o caso, e a súa superficie. Na memoria xustificativa, na estratexia de actuación e na ficha de características de cada unidade defínese o sistema de obtención do solo e da súa urbanización.

Consideráronse dotacións públicas, conforme ó artigo 165 da LOUG as de titularidade do municipio ou da Comunidade Autónoma que tenden a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo o carácter de bens de dominio público.

No apartado correspondente desta Memoria xustifícase a existencia de dotacións públicas suficientes para o conxunto do concello.

A totalidade dos sistemas xerais incluíronse dentro dalgunhas das clases do solo urbano, urbanizable, de núcleo rural ou rústico, establecendo unha numeración para todos os de nova creación e unha definición do método de obtención e da súa urbanización se é o caso, así como dos prazos, no documento de estratexia do plan e estudo económico.

### **D. Informe previo da Consellería de Política Territorial**

Con posterioridade á aprobación inicial, a Dirección Xeral de Urbanismo emitiu o informe previo con obxecto de que fora tido en conta nas sucesivas fases do planeamento. Agora ben, boa parte das consideracións efectuadas quedaron sen aplicación debido a entrada en vigor da Lei 2/2010 de medidas urxentes a cal modificou determinados aspectos que inciden profundamente en el Plan. A entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral e os criterios adoptados pola Consellería de Cultura de que se traten como BIC todos os elementos exteriores ó Casco Antigo recollidos na declaración de Conxunto Histórico Artístico de 1993 motivou a súa ordenación a través do Plan Especial do Conxunto Histórico Artístico de Baiona (PEPCHAB) aprobado definitivamente o 2 de xuño de 2011 (BOP de data 22 de xuño de 2011), supuxeron cambios importantes que afectaron, supuxeron ademais que afectaron sobre todo a ordenación do solo urbano e a dos núcleos rurais, e en menor medida ó solo rústico. Non obstante existen outras cuestións que permanecen que é preciso aclarar, e que se reflexan de seguido.

#### 1.- Cuestións de carácter xeral:

##### 1.1.- Capacidade residencial do Plan

No informe da Dirección Xeral de Urbanismo ponse en entredito o crecemento previsto no municipio en relación coa capacidade residencial do Plan.

Nos apartados 11 e 12 deste informe se leva a cabo un novo análise da poboación prevista e cotéxase a capacidade residencial do plan.

##### 1.2.- O desenvolvemento urbanístico de acordo co modelo territorial

Tal e como se reflicte na Memoria, establecece un modelo de ordenación do territorio onde se considera como elemento determinante da xeración económica, o turismo, o ocio e a cultura, planificando un necesario desenvolvemento que debe ser sostible para os seus habitantes e para a súa poboación vinculada, de forma que sexa compatible o carácter residencial nun hábitat comfortable, co respecto á natureza e á paisaxe representada polo seu litoral, montes, bosques e o patrimonio herdado.

Para logralo, precísanse espazos de maior calidade, non necesariamente próximos á praia, onde sexa posible gozar da natureza e da paisaxe, tendo en conta que as edificacións, están a formar parte á súa vez da paisaxe. Nas porcións de solo urbano, ou próximo a el, entre a vía de alta

capacidadee o mar, non existen superficies con características e dimensións axeitadas que permita albergar todas as dotacións que precisa Baiona para aproximarse ó seu horizonte de ser un centro residencial e turístico de gran calidade, salvo que se colmatase este territorio con volumes en altura ou con ocupacións tan compactas que se volvese alterar a cornixa e a paisaxe de forma insoportable.

Quizais fose posible, como pretende o informe previo, situar a totalidade do crecemento previsto para os próximos quince anos, na franxa do litoral, esgazada polo trazado da vía rápida, aumentando as intensidades de uso, deixando que o posible crecemento flutúa de forma natural seguindo as pegadas que deron lugar ós asentamentos existentes ó bordo das dobras tectónicas, evitando a masificación deste espazo, que xa ten un alto grao de consolidación. Por todo iso, queda xustificada a ordenación de procesos de desenvolvemento máis alá da vía rápida. Non obstante revisáronse a delimitación dos sectores propostos, como consecuencia das conversacións mantidas coa Consellería e das novas delimitacións dos núcleos rurais que foi necesario realizar para adaptar o plan a lei 2/2010 de 25 de marzo, de medidas urxentes.

#### 1.3.- Congruencia da delimitación dos núcleos rurais

Tal e como se expresa no estudo do medio rural e na memoria xustificativa grande parte dos núcleos rurais, os máis próximos á costa e os que contan con mellores servizos, sufriron unha profunda transformación, con reforma ou substitución das edificacións orixinais e coa construción de novas edificacións nos terreos libres, seguindo as directrices da normativa do Plan Xeral de 1994 que permitira a construción de forma concéntrica coa máis grande densidade no centro (con parcela de 600 m<sup>2</sup>), diminuindo na primeira coroa (1.000 m<sup>2</sup> de parcela) e menor na periferia do solo rústico non protexido con parcelas de 1.500 ou 2000 m<sup>2</sup>. A partires de 2002 suprimíuse a posibilidade de edificación no círculo exterior concentrando a presión sobre as coroas interiores, e a partires do 2004 deixouse de permitir a segregación de parcelas na expansión dos núcleos, o que supuxo unha maior presión,

Como consecuencia de todo isto, os núcleos, que xa estaban moi próximos entre sí en moitas ocasións, debido a orografía do terreo, forense fusionando, sendo na práctica imposible recoñecer onde empeza un e comeza o seguinte.

A entrada en vigor da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, supuxo un replanteamento do concepto legal de núcleo rural a fin de abarcar a multiplicidade de tipoloxías do asentamento rural da Comunidade Autónoma de Galicia de predominante carácter rural e se recollen tres tipos de núcleos: núcleo rural histórico tradicional, donde se manteñen todas as características que xa se recollen na lei vixente: o núcleo rural común no que se inclúen todos os asentamentos recoñecibles como solo de núcleo rural que presenta un grao de consolidación pola edificación igual ou superior o terzo da súa superficie, pero que non reúnan as características imprescindibles para súa inclusión polo plan xeral no tipo básico anterior e o núcleo rural complexo referido os asentamentos de poboación que sexan resultado da concorrencia e compatibilidade no seno dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos anteriores.

Por outro lado, tal e como se recolle na memoria do Plan, este crecemento dos núcleos non viu

acompañada do correspondente desenvolvemento de infraestruturas e dotación polo que ós efectos de mellorar a conectividade entre os núcleos e completar os servizos, equipamentos e espazos libres e de recreo, o Plan propuxo a creación de solos urbanizables en lugares sen protección especial no planeamento actual, onde as dotacións e as intensidades son as apropiadas para que sexa posible a súa implantación desde o punto de vista económico.

#### 1.4.- As actuacións estratéxicas de carácter terciario ou deportivo

En virtude da entrada en vigor das DOT e do Plan de Ordenación do Litoral, gran parte do ámbito do SUD-1 vese reducido polo que a superficie resultante non é suficiente para incorporar o equipamento deportivo previsto. O eliminar o equipamento deportivo e debido as previsións de crecemento, non é necesario unha extensión tan ampla como a que existía anteriormente para dar soporte o mesmo, por conseguinte redúcese a área do sector e os sistemas xerais adscritos.

Polo que respecta a outra área deportiva clasificada como solo rústico de protección forestal a desenvolver mediante un plan especial de dotacións e infraestruturas, tratase dunha zona no límite co Concello de Oia, tal e como se explica en el apartado correspondente desta memoria.

### 2.- Estrutura xeral e orgánica do territorio e dotacións urbanísticas

1. O PXOM foi obxecto de informe por Portos de Galicia (9-1-2009), prevíndose un Plan Especial da zona do Porto na zona calificada como sistema xeral portuario, e corríxíronse aqueles aspectos que esixen no seu informe. Neste informe, inclúese ademais o Plan Especial do peirao de Santa Marta.
2. Modificouse a clasificación das ribeiras, de forma que tódalas praias, dunas e illotes no exterior da liña de ribeira estean clasificadas como solo rústico de protección de costas, eliminando a calificación de sistema xeral de ribeira.
3. O acceso ó SUD-1 prevese a través do sector SUD-2 onde existe un fácil acceso a estrada PO-552. Proxéctase un vial estruturante de nova creación o cal se adapta ó terreo minimizando en gran parte os movementos de terra e o impacto medioambiental.
4. Identificáronse os elementos pertencentes ó sistema xeral de forma máis clara nos planos para que poidan identificarse sen problemas; así mesmo propóranse usos concretos para os novos equipamentos considerados como actuacións prioritarias para o desenvolvemento do plan, si ben poden modificarse por acordo plenario con maioría absoluta segundo o artigo 47.4 da LOUG. Non se computaron como sistema xeral os terreos que forman parte do dominio público marítimo terrestre, nin as beiras dos ríos que resulten inundables. Elimináronse como sistemas xerais os de titularidade privada como as igrexas ou os cemiterios parroquiais.

### 3.- A clasificación do solo

#### 3.1.- Clasificación de solo urbano

Segundo o informe da Dirección Xeral de Urbanismo, hai diferentes áreas clasificadas como solo urbano que non reúnen os requisitos necesarios para seren clasificadas como solo urbano segundo o artigo 11 da LOUG, pois varias das vías que conformarían a malla urbana non están dotadas de todas as redes de servizos urbanos públicos. Ademais de que non se fundamenta que

os ámbitos clasificados como solo urbano na ordenación prevista, acadan o grao de consolidación ao que se refire o punto 1 b) do citado artigo. Polo tanto, se insta neste informe a que se concrete o cumprimento dos requisitos do artigo 11 da LOUG ou, en caso contrario, outorgar outra clasificación diferente á de solo urbano (a que proceda segundo o artigo 32 da LOUG) .

Por este motivo realízase unha nova redelimitación do solo urbano en base as determinacións da LOUG.

A xustificación da clasificación do solo urbano incorpórase o apartado nº 15 da presente memoria.

### 3.2.- Clasificación de núcleo rural

As observacións contidas no informe previo á aprobación inicial non poden aplicarse neste momento, dada a profunda transformación que impuxo á Lei 2/2010 de 25 de marzo en relación ás clases de núcleos rurais e ós criterios para a súa delimitación, polo que se redactou un novo estudo do medio rural, establecéndose unha diferente xustificación, cobrando especial relevancia a tipoloxía tradicional e a consolidación para os núcleos histórico tradicionais e a consolidación para os núcleos rurais comúns.

No presente documento establecéronse unicamente dúas clases de núcleos rurais: os comúns e os complexos, xa que os escasos núcleos tradicionais que aínda se conservan en parte, fórono crecendo nas últimas décadas, renovando as edificacións existentes ou formando un todo continuo. De calquera forma, identificáronse eses entornos que podemos calificar como histórico tradicionais dentro dos núcleos rurais máis amplos que constitúen o que a lei de reforma denomina núcleos rurais complexos.

### 3.3.- Clasificación de solo urbanizable

Os solos SUD-1 e o SUD-2 atópanse fóra dos 200 m do límite inferior da ribeira . Nesta proposta elimínase os sistemas xerais adscritos que apareceran na aprobación inicial.

No SUD-2 suprimiuse da clasificación de solo urbanizable a porción de vial que queda dentro dos douscentos metros da ribeira do mar, se ben se mantén como sistema xeral a execución do cal se imputa ó sector para garantir o seu enlace coas vías en funcionamento de capacidade abonda.

O SUD-3 desapareceu por atoparse na súa maior parte en solo rústico de protección de costas.

O ámbito dos sectores de solo urbanizable SUD-1 e SUD-2 veuse afectado en grande medida pola entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral, afectando ós mesmos unha superficie importante que se atopa nunha zona de corredor definido así polo POL. Estas áreas quedan fora do desenrolo e clasifícanse como solo rústico de protección de augas.

Os sectores SUD-1 e SUD-2 están clasificados no plan actual como solo rústico sen protección especial, e o sector SUD-3 como solo urbanizable programado, carecendo de cultivos e cunha elevadísima división parceira aínda que non se aprecie sobre o terreo xa que a maior parte dos terreos carecen de peches.

Os solos urbanizables non delimitados desaparecen como tal e transfórmase da seguinte maneira:

- SUND-01: Pasa a solo rústico de especial protección.
- SUND-02: Transfórmase en parte no SUD-8 e en parte pasa a solo rústico de especial

protección.

- SUND-03: Pasa a solo rústico de especial protección.
- SUND-04: Unha parte pasa a solo rústico de especial protección, e outra a solo de núcleo rural.
- SUND-05: Transfórmase ó SUD-6
- SUND-06: Unha parte pasa a solo rústico de especial protección, e outra a solo de núcleo rural.
- SUND-07: Transfórmase nos solos urbanizables delimitados SUD-9, SUD-10 e SUD-11.

Engádesse a continuación un cadro coa evolución dos solos urbanizables entre a aprobación inicial do 2008 e o documento presentado en 2014.

	APROB. INICIAL (2008)	PROPOSTA (XAN-2014)
Denominación	SUD-1 (BAREDO- A PORTELA)	SUD-1 (BAREDO- A PORTELA)
Superficie bruta (m2)	442.028	145.676
Vivendas equivalentes	150	147
Denominación	SUD-2 (BAREDO- OS PORTELOS)	SUD-2 (BAREDO- OS PORTELOS)
Superficie bruta (m2)	107.500	95.745
Vivendas equivalentes	179	83
Denominación	SUD-3 (BAREDO- A PONTE)	ELIMÍNASE
Superficie bruta (m2)	48.305	
Vivendas equivalentes	86	
Denominación	SUD-4 (O CRUCEIRO)	SUD-3 (O CRUCEIRO)
Superficie bruta (m2)	21.328	36.793
Vivendas equivalentes	36	38
Denominación	SUD-5 (O OUTEIRO)	SUD-4 (O OUTEIRO)
Superficie bruta (m2)	66.623	83.614
Vivendas equivalentes	111	125
Denominación	SUD-6 (O BURGO)	SUD-5 (O BURGO)
Superficie bruta (m2)	56.364	40.428
Vivendas equivalentes	94	52
Denominación	SUD-7 (O XUNCAL)	ELIMÍNASE
Superficie bruta (m2)	51.144	
Vivendas equivalentes	8	

Denominación	SUD-8 (A IGREXA)	SUD-7 (A IGREXA)
Superficie bruta (m2)	143.579	143.517
	APROB. INICIAL (2007)	PROPOSTA (2012)
Denominación	SUND-01 (O PORTELO)	ELIMÍNASE
Superficie bruta (m2)	154.374	
Vivendas equivalentes	232	
Denominación	SUND-2 (PONTE - CARBALLO - A TORRE)	SUD-8 (A PONTE - CARBALLO)
Superficie bruta (m2)	203.048	82.215
Vivendas equivalentes	305	118
Denominación	SUND-3 (OS EIDOS)	ELIMÍNASE
Superficie bruta (m2)	81.355	
Vivendas equivalentes	122	
Denominación	SUND-4 (MEDIALDEA - URGAL)	ELIMÍNASE
Superficie bruta (m2)	414.980	
Vivendas equivalentes	622	
Denominación	SUND-5 (SERRALLEIRA - SOPEGAL - O CAEIRO)	SUD- 6 (SOPEGAL - SERRALLEIRA)
Superficie bruta (m2)	176.853	93.277
Vivendas equivalentes	265	110
Denominación	SUND-6 (VISO DE CALVOS - XUNCAL)	ELIMÍNASE
Superficie bruta (m2)	153.341	
Vivendas equivalentes	230	
Denominación	SUND-7 (COVATERREÑA - LOUREIRAL)	SUD-9, SUD-10 Y SUD-11
Superficie bruta (m2)	288.189	254.205
Vivendas equivalentes	432	320

3.4. - Tódolos terreos non transformados situados no exterior da liña de ribeira do mar clasificaranse como solo rústico de protección de costas.

3.5. - As zonas verdes ZV-2 e ZV-9 do documento da aprobación inicial quedan clasificadas como solo rústico de protección de costas, eliminado a súa adscripción dos solos urbanizables.

3.6. - Revisouse a delimitación dos límites do concello e colléronse os mesmos actualizados aportados polo Instituto Xeográfico Nacional.

#### 4.- Determinacións en solo urbano

1. – En cumprimento co artigo 49 da LOUG, divídese a totalidade do solo urbano en dous distritos, distrito leste e distrito oeste, cumprindo en ambos casos os estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais e de intensidades previstas nos artigos 46 e 47 da LOUG.

2. – As zonas de vivenda unifamiliar comprendidas ente Covaterreña e o cemiterio, xa estaban consideradas como solo urbano no plan vixente, e incorpórase a ordenación fixando aliñacións que xa estaban grafiadas no plan actual. En canto as que prevén a apertura de novo viario, renovación urbana e creación de dotacións xa están incluídas en áreas de reparto nesta nova proposta de ordenación con motivo de renovación urbana ou obtención de dotacións.

#### 5.- Determinacións nos núcleos rurais

As determinacións dos núcleos rurais adaptáronse ó novo réxime establecido na Lei 2/2010, en función da clase de núcleo.

#### 6.- Determinacións en solo rústico

1. Solos rústicos de protección ordinaria que deberían ser especialmente protexidos.

- Na Percebillera só existe unha zona de SR-PO que parcialmente atopase dentro dos 200 metros e se corresponde cun grupo escolar público que quedaría fóra de ordenación se se clasificase como protección de costas. Como se atopa fóra dos 100 metros non debería haber inconvinte en aplicar a cláusula de excepcionalidade prevista no artigo 32.2 da LOUG.
- No área deportiva, destinado a equipamentos deportivos libres en solo rústico non existen cursos de auga públicos importantes, polo que a clasificación que se lle outorga é a de solo rústico de protección forestal.
- En canto ós terreos que menciona o informe previo para ter en conta como solo rústico de protección forestal, fixéronse axustes en base a situación actual para preservar as masas arbóreas de valor segundo o artigo 32.2 b da LOUG.

2. O Plan clasificou como solo rústico de protección de augas o solo rústico ata a zona de policía (100 m) nos canles públicos importantes, salvo cando discorren por solos urbanos, núcleos rurais ou urbanizables onde se incorporan como espazos libres en virtude do artigo 32.2 de cun mínimo de 30 m de ancho, sen prexuízo de que poida manterse a zona de policía. De calquera forma se revisaron as proteccións dos regatos e regueiros, diferenciando as correntes de certa importancia que discorren por canles públicas, das escorrentas de escasa importancia que discorren por terreos de particulares, tendo en conta ademais ós corredores definidos no Plan de Ordenación do Litoral.

3.- Nos terreos que lle corresponden varias categorías de protección en solo rústico, optouse por clasificalos na categoría que lle outorgue maior protección.

#### 7.- Determinacións en solo urbanizable

1.- O Plan previu as conexións cos sistemas xerais exteriores de cada sector, así como as características dos servizos urbanísticos que se precisan e os terreos que deben incluírse ou adscribirse para o desenvolvemento de cada un deles, especificándose pormenorizadamente

tódalas características precisas para o seu desenvolvemento e execución.

2.- As previsións de reserva de solo para vivendas protexidas, fíxase en virtude da modificación do apartado 11 do artigo 47 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia pola Lei 8/2012 de 29 de xuño de Vivenda de Galicia, establecéndose nun 10% da edificabilidade residencial para o conxunto de solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado.

#### 8.- Aproveitamento Tipo

O cálculo do aproveitamento tipo das áreas de reparto en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado e solo urbano non consolidado, realízase conforme ó que determinan os artigos 113 e 114, incluíndo na normativa os coeficientes de ponderación en relación cos distintos usos, asinándolle o coeficiente unidade do uso característico.

#### 9.- Estratexia de actuación e estudo económico

1.- Revisouse a estratexia para a obtención e execución dos sistemas xerais de nova implantación, xustificando as previsións do desenvolvemento das novas áreas de urbanización con estes sistemas.

2.- Nos cadros do estudo económico substituíuse a palabra “adxudicación” cando se fala de a quen lle corresponde o financiamento dos custes de urbanización para que non existan dúbidas ó respecto.

#### 10.- Normativa

1.- Revisouse a normativa das cubertas e o seu posible aproveitamento no caso dos núcleos rurais (artigos 222 e 223 da normativa) co obxecto de que non xurdan dúbidas na interpretación como fai o informe previo. Os frontispicios que xurden nunha edificación a dúas augas son moi comúns nesta zona, pola súa simplicidade construtiva, e ó tratarse de vivendas unifamiliares loxicamente o posible aproveitamento baixo cuberta debe quedar unido as plantas inferiores.

2.- Modificouse o antigo artigo 219 da normativa prohibindo as naves industriais de calquera tipo conforme ó artigo 28 da LOUG.

3.- Elimínouse o parágrafo correspondente ó suposto de que a protección de espazos naturais acadase o 40 % no artigo correspondente da normativa do Plan Xeral.

#### 11.- Documentación

Modifícanse os erros detectados e completárase a documentación, incluíndo as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia do 29/2010, así como as novidades aparecidas na lexislación urbanística desde que se presentou o documento para o informe previo en novembro de 2008 ( Lei 2/2008 da minería, lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, Lei 8/2012, de 29 de xuño de vivenda, lei 7/2008 de protección da paisaxe, Texto refundido da *Lei do Solo* aprobado por RD 2/2008, as Directrices de Ordenación do Territorio. Lei 2/2010 e Plan de Ordenación do Litoral).

#### 12.- Análise do Plan ós efectos do cumprimento da Lei de Costas

Como consecuencia do informe do Ministerio de Medio Ambiente de 9 de maio de 2008, establece un criterio común na ordenación da zona de Protección e influencia da Costa. Unha vez se remitiu o deslinde definitivo procedeu a incluílo nos planos de ordenación, e adaptado a ordenación. Polo que respecta ás actuacións necesarias a realizar na zona de dominio público, propón a Dirección Xeral el establecemento de Concesións administrativas que permitan realizar as obras necesarias de saneamento ou de ampliación da rede viaria.

Polo que respecta a Portos, con data 8 de xaneiro de 2009, recibíuse informe no que formula observacións que foron subsanadas na presente proposta incluíndose o desenvolvemento de dous plans especiais correspondente a ordenación do Porto e Santa Marta.

Coa revisión destes puntos incluíranse as determinacións do informe previo relativas a Costas, como a xustificación de que as novas áreas de reparto incluídas na liñas dos 500 metros non forman pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes, ou as calificacións urbanísticas de edificacións que quedan dentro da zona de servidume.

Polo que respecta a protección de servidume, excepto nos supostos recollidos nas disposicións transitorias, recaerá sobre unha zona de 100 metros medida terra a dentro desde o límite interior da ribeira do mar. Non obstante o artigo 43 do Regulamento de Costas estipula que a extensión desta zona poderá ser ampliada pola Administración do Estado, de acordo coa da Comunidade Autónoma e o Concello correspondente, ata un máximo doutros 100 metros, cando sexa necesario para asegurar a efectividade da servidume, en atención ás peculiaridades do tramo de costa de que se trate (artigo 23 da lei de Costas), sempre que esta ampliación sexa determinada polas normas de protección ou polo planeamento territorial ou urbanístico.

#### **E. Xustificación da coherencia e conformidade coas Directrices de Ordenación do Territorio**

As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT) propón ordenar os espazos das cidades de Vigo-Pontevedra (Metrópole das Rías Baixas ) e de A Coruña Ferrol, a través de sendos Plans Territoriais Integrados (PTI)

Son propostas das DOT para conseguir a integración das cidades e dos municipios do contorno que poden afectar directamente a Baiona:

1.- A circunvalación Metropolitana a previsión consiste na nova autovía A-57 libre peaxe que comunicará Vigo con Pontevedra, pero non afecta a Baiona (o novo Plan Director de Estradas de Galicia de 9 de xuño de 2008 para desenvolver ata o 2020, tampouco inclúe ningunha acción significativa no entorno de Baiona).

2.- Iniciativas de artellamento metropolitano. Proponse un Agregado Urbano Litoral fortalecendo o desenvolvemento lineal fronte ó disperso. Para elo:

- Creación progresiva dun paseo marítimo con soporte de transporte colectivo.
- Conectar entre si os núcleos tradicionais existentes integrándoos no Agregado urbano Litoral, fortalecendo as súas sinais de identidade e a súa oferta urbana xerando áreas de centralidade que reduzan as necesidades de deslazamento.

#### Determinacións:

1.- O PXOM debe conter unha xustificación da coherencia e conformidade coas DOT, incluíndo unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ás DOT.

2.- A Xunta elaborará un PTI para o espazo Metropolitano Vigo-Pontevedra que inclúe o concello de Baiona.

3.- En tanto non realice o PXOM considerará as interrelacións residenciais, laborais e de servizos que se producen entre os asentamentos que conforman os espazos Metropolitanos.

4.- O desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, terá en conta:

- De forma excluínte:
  - Solo terán a condición de aptos para o desenvolvemento urbano, os terreos que reúnan os requisitos de idoneidade e necesidade clasificados como urbanos ou urbanizables.
  - Unha cuantificación e análise de vivendas ocupadas, baleiras e medidas para a substitución ou mellora.
  - Non pode prever crecementos residencias desconectados dos asentamentos preexistentes.
  - Deben garantir a accesibilidade con transporte sostenible.
  - Priorizarán a compactación da cidade e os núcleos fronte a súa expansión sobre terreo natural
  - Para o crecemento dos núcleos rurais analizarase a nivel parroquial e se é necesario preverase sobre o núcleo cabeceira ou sobre os que poidan ofrecer mellores opcións de desenvolvemento.
- Con carácter orientativo:
  - O cálculo da necesidade de novas vivendas terá en conta a evolución do parque de vivendas, as dinámicas demográficas como a poboación estacional e a evolución da estrutura familiar e as consecuencias das actividades produtivas.
  - O PXOM resolverá esta necesidade tendo en contas as características de cada núcleo, a reserva de espazos ecolóxicos conectados entre si, dando preferencia á continuidade das armazóns existentes, con densidades medias para facilitar as relacións sociais e a implantación de dotacións.
  - Nos conxuntos históricos primará a rehabilitación sobre os novos crecementos.
  - Nos concellos turísticos fomentarase a promoción e protección dos recursos turísticos e se potenciarán os servizos de aloxamento de calidade sobre a segunda residencia.

5. - O desenvolvemento das áreas empresariais, solo ten determinacións orientativas:

- A súa localización na área Metropolitana vén determinada polas posibilidades de conexión coas redes de estradas de altas prestacións, rede ferroviaria e transporte colectivo.
- Preveranse plataformas loxísticas asociadas ós portos comerciais.
- Na implantación, o PXOM deben respectar os valores ambientais e conectarse coas estradas de maiores prestacións do municipio.

- As Administracións públicas facilitarán a recolocación das actividades incompatibles co medio.
- Cando a iniciativa sexa pública evitarase a retención especulativa dos terreos. Procurarase reservar espazos para viveiros de empresas.

6. - O desenvolvemento das actividades produtivas, terá en conta:

a. - De forma excluínte:

- A Xunta determinará as zonas do territorio de maior valor agrológico.
- O PXOM destinará a usos agropecuarios as zonas de maior produtividade e preverán reservas para a explotación forestal.
- Inventariaranse os montes públicos e veciñais en man común.

b.- De xeito orientativo:

- As Administracións promoverán o mantemento, recuperación e a nova implantación de actividades agrarias, gandeiras e forestais.
- A concentración parceira realizarase nas zonas de maior produtividade agraria ou forestal ou cando o considere necesario a Xunta por motivos socioeconómicos.
- A Xunta desenvolverá iniciativas como o Banco de terras para o fomento da produción agroganadera e forestal con preferencia de especies autóctonas.

#### **Xustificación da coherencia e conformidade coas DOT**

Dentro do sistema de asentamentos que as Directrices de Ordenación do Territorio establece para Galicia, Baiona englobaríase dentro do apartado d. "Os núcleos principais dous restantes concellos e das parroquias rurais".

1º. - Neste senso, o Plan Xeral concentrou nos núcleos principais de Baiona, as dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e demais servizos de carácter local, conforme ó estudio do medio rural realizado no documento pertinente tendo en conta a división parroquial e o sistema de asentamentos que as configuran.

Do estudo realizado, despréndese a necesidade de que Baiona conte con espazos suficientes e ben comunicados para a creación das dotacións necesarias para completar a súa oferta turística de calidade. Cabe destacar que Baiona é un municipio predominantemente turístico, considerando necesario mellorar a súa oferta turística de calidade, potenciando o sector servizos, o deportivo e de ocio, ofrecendo simultaneamente un espazo residencial, de primeira orde dentro da área de influencia de Vigo, nun lugar privilexiado tanto dende o punto de vista do clima, coma dos espazos naturais, culturais e da paisaxe que conte con todos os servizos dunha vila de calidade.

A colmatación do espazo comprendido entre a vía de alta capacidade e o mar, aconsellan localizar estes espazos na parroquia de Baredo, pola facilidade de dotar a zona das comunicacións e servizos abondo e polas condicións ambientais favorables no ámbito dos núcleos habitados ó abeiro do parque etnográfico do Cabo Silleiro.

2º. - O desenvolvemento e ordenación dos asentamentos de poboación e ordenación das áreas empresariais e das actividades produtivas realizouse cumprindo as seguintes determinacións:

- Potenciáronse os núcleos principais, en particular o de Baiona, onde se albergan a maior

parte das dotacións do municipio, recollendo ademais o desenvolvemento residencial e deportivo practicamente ultimado na franxa costeira.

- Na parroquia de Baredo e na de Baiña, onde propónse novos desenvolvementos, moi limitados na súa intensidade, xa que existe unha trama urbana consolidada pola edificación e pola urbanización, e ademais se proxectan dotacións públicas e privadas.
- A nova delimitación dos núcleos rurais foi levada a cabo segundo a modificación da LOUG e instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, permitindo a ampliación dos núcleos respecto o plan vixente. asemade identifícanse outros núcleos.

3º. - O desenvolvemento e ordenación das áreas empresariais e das actividades produtivas realizouse cumprindo as seguintes determinacións:

- As actividades empresariais, concéntranse na parroquia de Baiña na estrada provincial, ampliando o ámbito previsto no plan actual, ó considerar esta ubicación a máis axeitada prevíndose un ramal de acceso apra facilitar a circulación e desenvolvemento do mesmo., prescindíuse de cualificar máis terreos para este fin. Non obstante, para poder facilitar os traslados da poboación residente ós centros de produción, será necesario que os plans sectoriais e de ordenación do territorio prevexan infraestruturas de enlace gratúitas e medios colectivos de transporte.

### 3. DEFINIÇÃO DE OBXECTIVOS E SOLUCIÓNS XERAIS DE ORDENACIÓN

#### 3.1. Consideración xerais

Os obxectivos que se propoñen coa redacción do presente Plan Xeral son os seguintes:

- Dotar ó Municipio dun instrumento de ordenación integral do territorio, regulando dun modo ordenado o seu futuro desenvolvemento e proporcionando unha normativa adecuada a súas capacidade de xestión.
- Realizar unha detallada análise da potencialidade do territorio para acolle-los distintos usos.
- Establecer unha política de conservación e potenciación dos valores de especial interese dende o punto de vista ecolóxico e paisaxístico.
- Proporcionar unha normativa adecuada para protección e potenciación do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico do municipio facendo deles un especial baluarte para fomenta-lo turismo en épocas distintas da estival.
- Potencia-la consolidación e o crecemento ordenado dos núcleos de poboación, tendo en conta os criterios de dispoñibilidade dos recursos para a implantación de infraestruturas e servizos.
- Propoñe-los mecanismos necesarios para dotar de servizos urbanísticos e infraestruturas ós núcleos de poboación existentes.
- Definir e ordenar as áreas de futuro crecemento do municipio, tanto para a implantación de áreas residenciais, como industriais ou comerciais.
- Identificar e ordenar as áreas de especial capacidade agrícola e forestal, a efectos da súa preservación, potenciación e explotación racional.

- Definir un sistema de equipamentos equilibrado e estratexicamente situado, para o adecuado servizo da poboación.
- Establecer un programa de actuación no tempo, de forma que se conxugue coas previsións económicas a efectos de dar prioridade a aquelas actuacións que se consideren de maior interese e rentabilidade social.
- Adapta-la normativa urbanística á nova lexislación do solo, estatal e autonómica, incorporando todos aqueles preceptos que condicionen o réxime do solo e a disciplina urbanística.
- Xerarquizar a rede viaria, introducindo propostas para mellorar a accesibilidade ós equipamentos e os núcleos de poboación.
- Introducir unha normativa estética que propicie unha nova imaxe, tanto nos núcleos urbanos como nos rurais.

A elección do modelo de cidade corresponde á comunidade de veciños de Baiona, lexitimamente representados polos seus respectivos Concellos, quedando á Comunidade Autónoma a potestade lexislativa en materia de Ordenación do territorio, no marco do cal deben facerse legalmente posible as decisións de plan da entidade local. Non obstante tanto a LOUG (art. 85.9.d) como a Lei 6/07 precisan que na franxa dos cincocentos metros medidos dende a ribeira do mar quedan afectados os intereses autonómicos, polo que o plan xeral ponderará a incidencia que as súas determinacións poden ter sobre o litoral, tendo en conta que é un recurso ambiental non renovable onde se debe garantir a sustentabilidade.

Seguindo as determinacións das DOT e POL se estableceu unha ordenación baseada no respecto da franxa dos douscentos metros que se clasifica como solo rústico de protección de costas no que non sexa urbano ou núcleo rural, e na protección do resto cando poida incidir sobre a paisaxe ou sobre os elementos naturais.

O modelo de ordenación do territorio que se propón é o de planificar un necesario desenvolvemento que será sustentable para os seus habitantes e a súa poboación vinculada, de forma que sexa compatible o carácter residencial nun hábitat confortable, co respecto á natureza e á paisaxe representados polo seu litoral, montes e bosques, e ó Patrimonio histórico herdado, mantendo o turismo, o ocio e a cultura como elementos determinantes da xeración da actividade económica, sen esquecer que Baiona se encrava na bisbarra da ría de Vigo coa que ten unha clara interdependencia.

A primeira complexidade que atopamos á hora de definir o modelo de municipio existente e o que potenciar se quere e desenvolver a través do plan, é a de analizar a realidade actual. Tal e como se desenvolveu polo miúdo na memoria informativa existen fortes condicionantes á hora de ordenar o territorio e as actividades humanas.

a) As características do territorio de Baiona que é un municipio cunha extensión relativamente pequena de 34,6 km<sup>2</sup>, localizado no sudoeste de Galicia, na provincia de Pontevedra, está bañado polo océano Atlántico, na baía de Baiona e na marxe esquerda da ría de Vigo.



Baiona conta na súa zona urbana con seis praias das máis diversas características, a primeira de elas, a praia de Ladeira, é a máis ampla de todas con 3 km de lonxitude. É unha praia aberta ó mar e cunha pequena zona de dunas bastante degradadas, esta praia atopa no complexo intermareal de "A Ramallosa" que se atopa dentro do espazo natural protexido da Foz do río Miñor. Este delicado sistema ecolóxico, está a sufrir importantes modificacións que o degradaron e que é preciso rectificar, xa que ademais dos recheos artificiais que reduciron a área utilizada polas aves e das edificacións e estradas construídas no seu perímetro que limitaron o efecto de regulador hídrico da marisma, se produciron outros efectos negativos, como o aumento da contaminación, a instalación dun cámping sobre un recheo na barra litoral e a degradación das dunas.

Despois de pasar a península de Santa Marta, atopámonos coa praia do mesmo nome, pequeno areal de grande riqueza marisqueira que da comezo ó paseo marítimo. Na Península de Monte Boi temos as outras catro praias.

En canto ó perfil da costa de Baiona, é alto, rochoso e aberto ó Atlántico, con algunhas illas e pequenas praias, no tramo comprendido entre o cabo Silleiro á Punta do Boi; e no tramo comprendido entre o castelo de Monterreal ata a desembocadura do río Miñor, interrompido pola península de Santa Marta, a costa é baixa e areenta.

A paisaxe do municipio presenta un relevo accidentado, sendo mais acusado no sur onde o relevo é máis escarpado con montes que superan os 600 metros de altitude, (632 m no Alto de A Groba), que no norte onde o relevo se fai máis suave rodeando a desembocadura do río Miñor co seu esteiro e no tramo final do río Groba. Ademais existen tamén pequenos outeiros como o monte de San Roque co enclave da virxe da Rocha.

O clima das Rías Baixas está controlado en boa medida polas augas marítimas costeiras. Debido ós ventos do Norte-Nordés, que prevalecen entre abril e agosto, ó desprazar as augas superficiais da costa Oeste de Galicia favorecen o afloramento costeiro das augas profundas e frías. A auga aflorada caracterízase por unha baixa temperatura, un alto contido en nutrientes e valores baixos de osíxeno. Como consecuencia disto prodúcese a diminución da temperatura do aire en contacto coas masas de auga. Este arrefriamento aumenta a estabilidade atmosférica nos meses cálidos.

#### b) A existencia dunha grande extensión de Espazos Naturais

Dentro dos límites municipais atópanse tres espazos naturais catalogados pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. O espazo da Foz do río Miñor, onde se atopa o complexo intermareal da Ramallosa, o encoro de Baíña, que serve de abastecemento de auga potable para a zona urbana, a serra de Argallo, que ten á serra da Groba dentro do límite municipal de Baiona. A vexetación sufriu profundas modificacións pola acción do home de forma que o bosque Atlántico foi transformándose en breixeiras debido a destrución da cuberta vexetal e do conseguinte cambio climático, as cales foron á súa vez substituídos por repoboacións artificiais de piñeiros e de eucaliptos, que conxuntamente coa breixeira ou o toxo constitúen a masa forestal actual.

Nas zonas que se liberan como adscricións ós solos urbanizables preténdese restituír a antiga vexetación incorporando unha capa vexetal axeitada e o arboredo anterior.

No termo municipal se atopan espazos que polo seu interese ecolóxico son considerados lugares de importancia comunitaria e forman parte da RED NATURA 2000-De acordo co artigo 7.1.a) das Directrices de Ordenación do Territorio a xestión dos espazos da rede natura realizarase mediante un Plan de conservación. A estes efectos a Xunta de Galicia, consonte o establecido no artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade está tramitando o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, polo que unha vez aprobada definitivamente será de plena aplicación nos espazos declarados rede natura 2000.

c) A existencia dunha situación urbanística herdada, de forma que no medio rural se produciu unha ocupación indiscriminada do medio pola edificación (vivendas unifamiliares, de primeira e de segunda residencia) auspiciada polo modelo de crecemento concéntrico dos núcleos sen unha execución previa de viais e de servizos. Mentres, no solo urbano que sufrira unha gran colmatación con anterioridade ó plan de 1994, se desenvolvían as súas determinacións de ordenación mellorando en determinados aspectos, sobre todo na trama viaria e en creación dun paseo marítimo que supuxo unha mellora substancial na accesibilidade ó mar.

#### d) A existencia dun Conxunto histórico artístico de primeira magnitude

En cumprimento do sinalado no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con motivo da aprobación inicial da PXOM 2007 "a delimitación do ámbito do conxunto histórico debe ter correspondencia coa delimitación do Decreto 48/1993." e o informe de data 28 de abril de 2009 emitido pola Dirección Xeral con motivo da aprobación inicial da PXOM no que se sinala que a delimitación do conxunto histórico non se axusta á establecida no decreto de declaración de BIC, o PEPCHAB aprobado definitivamente o 2 de xuño de 2011 (BOP de data 22 de xuño de 2011) recolle o ámbito completo da declaración con determinacións de catálogo para o ámbito exterior ao conxunto.

É por iso polo que se propón recoller na PXOM como Área de Plan Incorporado o Plan Especial do Conxunto Histórico Artístico de Baiona aprobado definitivamente o 2 de xuño de 2011.

### **3.2. Obxectivos e solucións xerais**

O obxectivo principal do Plan Xeral de Ordenación Municipal, basearase en compatibilizar o desenvolvemento previsible coa preservación da natureza e a paisaxe, e o desenvolvemento de sectores económicos que axuden á diversificación da base económica municipal, establecéndose este obxectivo como base de modelo territorial elixido.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal debe dar resposta a problemas xerais e sectoriais, detectados na información urbanística, polo que en síntese, os obxectivos e solucións xerais de ordenación que se propoñen para o municipio de Baiona son os seguintes:

- Dotar o termo municipal de Baiona dun instrumento de planeamento conforme coa realidade urbanística actual, atendendo ás premisas emanadas dende á lexislación urbanística e dende a consellería competente en materia urbanística.
- Analizar a estrutura territorial existente e propoñer o seu desenvolvemento en función das

necesidades e características específicas do territorio. Tivéronse en conta as normas sectoriais que afectan ó territorio, como son as relativas a:

- Estradas, a titularidade das cales corresponde á Comunidade Autónoma, á Deputación e ó Concello, establecendo, á marxe das proteccións de cada organismo, unha clasificación do solo como protección de infraestruturas que alcanza ata a zona de afección que non discorra por solo urbano ou de núcleo rural.
- Costas, onde teñen competencias numerosos organismos e onde conflúen intereses lexítimos, estatais, autonómicos e locais. Introduciuse o deslinde do dominio público e se grafiaron as servidumes legais de tránsito, de protección e de acceso, e a zona de influencia, definidas na Lei de Costas de 1988 e o seu Regulamento de 1989. Tamén se tiveron en conta as disposicións da lexislación urbanística galega, fundamentalmente os artigos 32.2.c, 38, 13, 85.7.d, D.A.1ª, D.T.4ª.3, D.Tª.5ª.1.b., D.Tª.13, da Lei 9/02, modificada pola Lei 15/04, e a Lei 6/2007 de medidas urxentes e do litoral, e as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral (POL).
- Ríos e regueiros continuos ou non establecendo con carácter xeral unha clasificación de solo rústico de protección de augas para a zona de policía de cen metros coas excepcións xustificadas que se mencionan no apartado correspondente. Nas zonas en que correntes de auga de escasa entidade atravesan solos urbanizables, incorporáronse polo menos nunha franxa de trinta metros como sistemas xerais de espazos libres que se verán incrementados cos sistemas locais de zonas verdes.
- Espazos naturais, de interese paisaxístico e espazos forestais, clasificados como solo rústicos especialmente protexidos.
- Bens de valor singular polo seu interese arquitectónico, etnográfico e arqueolóxico, establecendo ámbitos de protección e clasificando os depósitos de interese arqueolóxico como solo rústico de protección cultural.
- Infraestruturas de servizos como as redes de electrificación de transporte de media e alta, clasificándose como solo rústico de protección de infraestruturas, cando non sobrevoan espazos urbanos.

Manter e potenciar o actual sistema de asentamento da poboación, tratando de favorecer o desenrolo e a consolidación dos núcleos fronte á diseminación indiscriminada da poboación por todo o territorio ó longo das vías de comunicación existentes.

Preservar as áreas destinadas a usos agrícolas e forestais da ocupación indiscriminada pola edificación.

No que se refire ó núcleo urbano, o obxectivo principal do Plan basearase en reorganizar a situación urbanística que se traducirá en:

- Mellorar o trazado da rede viaria que conforma a malla urbana, que permita diversificar e

graduar o tráfico, de forma que non solo sirva como soporte das edificacións, senón tamén para servir de medio de comunicación separando o tráfico rodado do peonil e dos aparcamentos.

- Intensificar o efecto que a vía de alta capacidadeativo na mellora das comunicacións co exterior, facéndoa funcionar como unha auténtica circunvalación, introducindo un novo acceso dende a vía de alta capacidadeá altura do barrio de A Igrexa.
- Controlar o crecemento para que se produza dunha maneira ordenada, resolvendo os problemas xa existentes, consolidando as mazás, rematando estas, propiciando a formación doutras integradas satisfactoriamente no contexto urbano, como é a vivenda unifamiliar ou a mixta cando se trate de zonas de sutura entre a cidade compacta e a dispersa.
- Creación de zonas verdes constituíndo ás dotacións necesarias e mellorando o ámbito das existentes, e de espazos libres en zonas costeiras liberando as dunas da presión urbanizadora á que foi sometida nos últimos tempos.

Defensa da natureza e a paisaxe. A valoración do medio físico de Baiona implica a conservación de todos aqueles espazos do municipio posuidores de valores naturais, ecolóxicos e paisaxísticos, ou que supón a protección das áreas de montaña e de vales, e de tódolos espazos forestais notables, propondo a utilización como espazos de espaxemento en contacto coa natureza de determinados espazos sen prexuízo de que poidan compaxinar a súa explotación dos recursos naturais.

A protección das canles fluviais e arrosos clasificando a zona de policía a 100 m da canle como solo rústico de protección de augas coas excepcións xustificadas de regatos que poden ser incorporadas ós solos urbanizables como espazos libres e zonas verdes nunha franxa mínima de vintecinco metros dende a canle. Nas zonas urbanas destes regueiros é onde existe unha maior problemática, xa que descende a pendente polo que se precisaría maior amplitude e non obstante se produciron dende antigo ocupacións das canles naturais con peches ou edificacións que impiden o paso da auga ata a ribeira do mar. Nestas zonas a proposta do plan consiste en liberalizar as zonas de pluxo preferente de toda posible construción.

Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico, Etnográfico e Cultural. Isto concrétase na redacción dun catálogo actualizado de tódolos bens arquitectónicos do Municipio recollendo igrexas, ermidas, pazos e edificacións de interese, etc. e dos bens de valor arqueolóxico

Favorecer a extensión e mellora das infraestruturas, comunicacións, dotacións e equipamento colectivo do municipio, asignando ós solos urbanizables e solos urbanos non consolidados espazos libres ó servizo de toda a colectividade quedando adscritos ou incluídos ós sectores que se delimiten producindo un dobre efecto de esponxamento e de repartición das plusvalías que poida xerar a ordenación urbanística.

Organizar a explotación dos recursos económicos do Municipio coa cualificación dos terreos e a racionalización das explotacións agrícolas, forestais no que se refire o rural. No urbano potenciar a

vocación de centro de servizos de Baiona creación de solo comercial-industrial con infraestruturas comúns, abastecemento de auga e saneamento, rede viaria interna.

Respecto ós núcleos tradicionais propóñense os seguintes obxectivos:

- o Organizar a nova edificación, consolidando os núcleos xa existentes mantendo o seu carácter agrícola ou gandeiro.
- o Potenciar estes favorecendo a edificación dentro dos propios núcleos e ás zonas máis próximas ós mesmos, restrinxindo no posible ás novas construcións en áreas sinaladas con interese agrícola ou paisaxístico.
- o Os obxectivos sobre os asentamentos e núcleos constitúen un dos elementos fundamentais do Plan Xeral, incluíndo planos e ordenanzas reguladoras para cada unha das posibles situacións.
- o Completar a redes de saneamento e de abastecemento de auga de forma que satisfagan as necesidades actuais e as da futura poboación.

#### 4. CLASIFICACIÓN DO SOLO

O plan xeral de ordenación municipal clasifica o territorio municipal en tódolos tipos de solo previstos na lei: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico.

A clasificación do solo permite diferenciar entre solo apto para ser edificado e/ou urbanizado e o solo que debe permanecer a salvo de procesos de urbanización e edificación. Sendo esta, unha das determinacións principais do Plan.

Deste aspecto básico, dérivase a inclusión no planeamento, dos límites do núcleo urbano en que se vai producir a urbanización derivada do crecemento do mesmo, así como os límites doutros ámbitos de solo urbanizable destinados o desenvolvemento futuro dos usos e actividades asignados polo Plan.

Fóra dos citados límites, a clasificación de solo ten por finalidade o recoñecemento dunha realidade de carácter rural, diferenciándose, por unha parte os límites dos asentamentos de poboación rurais onde a clasificación de solo ten como obxectivo o recoñecemento das distintas tipoloxías edificatorias que o conforman e, por outra o solo exterior ós mesmos ou solo rústico que se define dun modo positivo, cunha identificación clara da funcionalidade territorial e económica.

#### 4.1. SOLO URBANO

##### 4.1.1. Criterios da delimitación de cada clase de solo

1. Os terreos delimitados ademais de estar integrados na malla urbana existente, reúnen algún ou tódolos seguintes requisitos:

- Contar con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante ás correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo planeamento, tal e como se reflicte nos planos de información.
- Ademais, aínda cando carecesen dalgúns dos servizos citados no apartado anterior, están comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, como mínimo nas dúas terceiras partes

dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral estableceu, xa que o espazo vacante de edificación se ordenou na meirande parte dos casos como vivenda unifamiliar illada, resultando unha edificación posible netamente inferior á que posibilita o artigo 11 da LOUG.

2. Tívoise en conta que ós efectos desta lei considéranse incluídos na malla urbana os terreos dos núcleos de poboación que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías perimetrais e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do urdido urbanístico xa existente.

O solo urbano no concello de Baiona está dividido en solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado.

a) Solo urbano consolidado: integrado polos solares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a condición de solar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coa de edificación ou construción.

b) Solo urbano non-consolidado: integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento.

##### 4.1.2. Áreas de Planeamento Incorporado (API)

Neste solo están incluídas as Áreas de Planeamento Incorporado, as cales sufriron a súa propia execución e poden considerarse como solo urbano consolidado a pesar de que constituíron unha área de repartición. Identifícanse na documentación gráfica coas siglas API e son as seguintes:

Nome do API	Denominación PXOM-94
API 1	SUE-1
API 2	SUP-1
API 3	PERI-4
API 4	PERI-3
API 5	SUP-5
API 6	SUE-3
API 7	SUE-2

**A API-1**, Procede do desenvolvemento e da execución da unidade de execución UE-1 do PXOM de 1994. Dispón dun Proxecto de reparcelación aprobado definitivamente o 9-12-1998, as determinacións da cal e edificabilidades danse por incorporadas.

**A API-2**, procede da aprobación e execución do sector do solo urbanizable programado SUP-1 (Sabarís) do PXOM de 1994 na actualidade edificado na súa maior parte.

**A API-3**, procede do desenrolo e execución do PERI-4 (UE-4) aprobado inicialmente o 18-3-2004 e definitivamente o 15-06-2004 segundo a denominación do PXOM de 1994, as determinacións das cales se manteñen, ó igual que as do Proxecto de Compensación aprobado.

**A API-4**, procede do desenrolo e execución do PERI-3 (Rincón de Pepe) aprobado definitivamente o 7-10-2004 segundo a denominación do PXOM de 1994, as determinacións das cales se manteñen, ó igual que as do Proxecto de Compensación aprobado.

**A API-5**, procede do desenrolo e execución do Plan Parcial do SUP-5 - O LOUREIRAL, aprobado definitivamente o 16-02-2001, o polígono único das cales foi desenvolvido polo sistema de compensación.

**A API-6**, Procede do desenvolvemento e da execución da unidade de execución SUE-3 do PXOM de 1994 na actualidade edificado na súa maior parte .

**A API-7**, Procede do desenvolvemento e da execución da unidade de execución SUE-2 do PXOM de 1994 na actualidade edificado na súa maior parte.

**O Plan Especial de protección (PEPCHAB)**, Comprende a totalidade dos elementos incluídos na declaración do Conxunto Histórico Artístico de 1993, que inclúe o Casco Antigo, así como as elementos exteriores mencionados na Orden publicada. O PEPCHAB foi aprobado definitivamente o 2 de xuño de 2011 (BOP de data 22 de xuño de 2011), e vai incluído neste plan como un área de planeamento incorporado.

Datas de aprobación dos desenrols do anteriores a este plan:

PLAN PARCIAL O LOUREIRAL	23 DE OUTUBRO DE 1979
PLAN PARCIAL VIRXE DA ROCHA	17 DE XUÑO DE 1983
PLAN PARCIAL O BURGO BAHIÑA	30 DE XANEIRO DE 1987
PLAN PARCIAL VIRXE DA ROCHA	17 DE XUÑO DE 1983
PLAN PARCIAL AS ESCUBICHAS 1	21 DE ABRIL DE 1988
ED UEU OS TENDAIS	29 DE ABRIL DE 1998
PLAN PARCIAL SUP 5-O LOUREIRAL	16 DE FEBREIRO DE 2001
PLAN PARCIAL SUP-1 SABARIS-AS ESCUBICHAS 2	16 DE FEBREIRO DE 2001
PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR Nº4-SANTA CRISTINA	15 DE XUÑO DE 2004
PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR Nº3-RINCON DE PEPE	7 DE OUTUBRO DE 2004
PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTORICO ARTISTICO	2 DE XUÑO DE 2011

#### 4.1.3. Xustificación da división do solo urbano en dous distritos

##### 4.1.3 1.- Introducción

Conforme ó previsto no apartado primeiro do artigo 49 da LOUG:

*“A totalidade do solo urbano dividirase polo plan xeral en distritos, atendendo a racionalidade e calidade da ordenación urbanística e a accesibilidade da poboación ás dotacións, utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais e os elementos estruturantes da ordenación urbanística, e coincidindo na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas.*

*Dentro de cada distrito o plan xeral deberá incluíla totalidade dos terreos correspondentes ás categorías de solo urbano consolidado e non consolidado. O plan xeral deberá xustificar que no conxunto do solo urbano non consolidado de cada distrito se cumpren os estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais e de limitación de intensidade establecidos nesta lei.”*

Trátase de dividir o Solo Urbano en anacos congruentes nos que se poida dar cumprimento ás esixencias dos estándares de dotacións e intensidades edificatorias para o conxunto do solo urbano non consolidado. En definitiva, buscáse unha continuidade na densidade das dotacións, perseguindo un maior aproveitamento das infraestruturas e servizos existentes, orientando os de nova creación a completar as necesidades da poboación.


##### 4.1.3 2.- Criterios seguidos para a configuración dos distritos

A requirimento do informe previo da Consellería competente, optouse por delimitar dous distritos de solo urbano: distrito oeste e distrito leste. A división que se utiliza neste caso e a estrada autonómica PO-552 e a rúa As Areas, entre O Burgo e As Areas, diferenciando dúas unidades territoriais que se identifican basicamente coa división parroquial. O distrito oeste corresponde coa parroquia de Santa María de Baiona e Santa María de Baíña, ademais do agregado continuo de cidade neste distrito oeste inclúese o núcleo de Rocamar; por outro lado o distrito leste coa parroquia de Ramallosa.

Estes distritos, conforme ó estipulado na lexislación vixente, deben apoiarse nos elementos estruturantes da ordenación urbanísticas e coincidir con unidades territoriais de estrutura homoxéneas. O límite entre distritos situouse, como xa mencionamos, na zona de Ladeira, que queda incluída no distrito leste. Se ben é indubidable o carácter urbano e a consolidación de ámbolos dous distritos, poderíamos sinalar que a tipoloxía edificatoria no distritos leste é maioritariamente de vivenda unifamiliar con respecto ó distrito oeste no que conviven de xeito máis igualitario outras tipoloxías edificatorias máis densas sobre todo na franxa costeira, se ben de cara ó interior dilúese esta diferenza.

En cada distrito estableceranse as normas e ordenanzas necesarias para completar a súa urbanización e conseguir os equipamentos de acordo ós estándares necesarios, regularase a edificación cos criterios de consolidación de mazás e potenciación e respecto das tipoloxías existentes.





-  DISTRITO OESTE
-  DISTRITO LESTE



EXCELENTÍSIMO  
CONCELLO DE BAIONA

PLAN XERAL  
DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

PLANO Nº  
D.S.U

O CONSULTOR  
ROBERTO AYA DUARTE  
INGENIERO DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS  
 **Interurban s.a.**  
URBANISMO E ENXENNERIA

PLANEAMENTO  
DISTRIBUCIÓN DE DISTRITOS NO  
SOLO URBANO

ESCALA: 1/7500,A-1  
1/15000,A-3 DATA: XAN-14





#### 4.1.3. Dotacións públicas e Edificabilidade

En cada distrito han de cumprirse os estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais, para o solo urbano non consolidado. Deste xeito garántese a accesibilidade da poboación a estas dotacións, evitando traslados innecesarios (tempo e distancia), conseguindo unha configuración do solo urbano máis compacta, na que as pequenas bolsas de solo intersticiais poden aproveitarse para incorporar as dotacións necesarias.

Segundo o mesmo apartado 1 do artigo 49 da LOUG, o Plan debe xustificar que no conxunto do solo urbano non consolidado de cada distrito se cumpren os estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais e as limitacións de intensidade establecidas. De seguido verificamos o cumprimento no solo urbano consolidado nos distritos.

- Edificabilidade máxima: En solo urbano non consolidado para un municipio como Baiona: 0,85 m<sup>2</sup> edificables por cada m<sup>2</sup> de solo (artigo 46.2 da LOUG).
- Dotacións locais: Cúmprense os seguintes estándares para o solo urbano non consolidado no conxunto de cada distrito:
  - Sistema de espazos libres públicos: 18 m<sup>2</sup> de solo / 100 m<sup>2</sup> edificables con un mínimo de un 10% de la superficie total del ámbito
  - Sistema de equipamentos públicos: 10 m<sup>2</sup> de solo / 100 m<sup>2</sup> edificables
  - Prazas de aparcadoiros de vehículos: dúas prazas de aparcadoiros por cada 100 m<sup>2</sup> edificables, das que como mínimo, a carta parte debe ser de dominio público

Incorpórase a continuación unha táboa resumo onde se verifica o cumprimento dos estándares fixados na LOUG.

**TÁBOA RESUMO DO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO  
(DISTRITO OESTE)**

	Altura máx permitida	Superficie total (m2)	Superficie vivenda VPP (m2)	Superficie total edif. (m2)	Edificabilidade e máx. (m2/m2)	Aproveitamento tipo max. (m2/m2)	Vivendas equivalentes estimadas	Sistemas Locais		Sistemas Xerais		Nº prazas aparcam.	Nº prazas aparcam. público	Nº prazas aparcam. privado
								Esp. libres públicos (m2)	Equipa. públicos (m2)	Esp. libres públicos (m2)	Equipa. públicos (m2)			
AR-01-O	B+4 / B+5	605	0	1.798	2,97	3,03	10	148	0	0	0	27	0	27
AR-02-O	B+4	2.348	0	4.705	2,00	2,04	25	819	0	0	0	70	0	70
PERI-03-O	B+2	12.011	925	9.248	0,77	0,78	49	1757	2035	0	2000	194	54	140
PERI-04-O	B+2	24.311	1.872	18.719	0,77	0,78	100	3557	0	0	3000	393	110	283
AR-05-O	B+3	463	0	468	1,01	1,04	3	211	0	0	0	7	0	7
PERI-06-O	B+2	3.462	267	2.666	0,77	0,78	14	506	586	0	0	56	16	40
PERI-07-O	B+2	14.415	1.110	11.100	0,77	0,78	59	2109	2442	0	0	233	65	168
<b>TOTAL</b>		<b>57.615</b>	<b>4.174</b>	<b>48.704</b>			<b>260</b>	<b>9107</b>	<b>5063</b>	<b>0</b>	<b>5000</b>	<b>980</b>	<b>245</b>	<b>735</b>

Edificabilidade do Distrito (m2/m2):	0,845
--------------------------------------	-------

Dotacións locais obtidas no Distrito:

Espazos libres públicos (m2)	9.107
Equipamentos públicos (m2)	5.063
Aparcadoiros obtidos	980
Aparcadoiros obtidos no dominio público	245

Dotacións obrigatorias no Distrito:

Espazos libres públicos:

Espazos libres públicos (m2)	8.767	18 m2 x 100 m2 edificables
Espazos libres públicos (m2)	5.762	10 m2 x 100 m2 sup. Total

Equipamentos:

Equipamentos públicos (m2)	4.870	10 m2 x 100 m2 edificables
----------------------------	-------	----------------------------

Aparcadoiros de vehículos necesarios:

Totales	974	2 x 100 m2 edificables
No dominio público	244	1/4 edificables

**TÁBOA RESUMO DO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO  
(DISTRITO LESTE)**

	Altura máx permitida	Superficie total (m2)	Superficie vivenda VPP (m2)	Superficie total edif. (m2)	Edificabilidade e máx. (m2/m2)	Aproveitamento tipo max. (m2/m2)	Vivendas equivalentes	Sistemas Locais		Sistemas Xerais		Nº prazas aparcam.	Nº prazas aparcam. público	Nº prazas aparcam. privado
								Esp. libres públicos (m2)	Equipa. públicos (m2)	Esp. libres públicos (m2)	Equipa. públicos (m2)			
PERI-01-E	B+1, B+2	21.956	1.691	16.906	0,77	0,78	90	3043	1691	0	0	338	85	253
	TOTAL	21.956	1.691	16.906			90	3043	1691	0	0	338	85	253

Edificabilidade do Distrito (m2/m2):	0,770
--------------------------------------	-------

Dotacións locais obtidas no Distrito:

Espazos libres públicos (m2)	3.043
Equipamentos públicos (m2)	1.691
Aparcadoiros obtidos	338
Aparcadoiros obtidos no dominio público	85

Dotacións obrigatorias no Distrito:

Espazos libres públicos:

Espazos libres públicos (m2)	3.043	18 m2 x 100 m2 edificables
Espazos libres públicos (m2)	2.196	10 m2 x 100 m2 sup. Total

Equipamentos:

Equipamentos públicos (m2)	1.691	10 m2 x 100 m2 edificables
----------------------------	-------	----------------------------

Aparcadoiros de vehículos necesarios:

Totais	338	2 x 100 m2 edificables
No dominio público	85	1/4 edificables



#### 4.2. SOLO URBANIZABLE

Constituirán o solo urbanizable os terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos na LOUG.

Neste sentido, créanse estes solos segundo as previsións de crecemento do plan e delimitáanse en función das necesidades da poboación e as restricións medioambientais principalmente.

Neste marco, a lei de 9/02 de ordenación urbanística e de protección do medio rural, establece dúas categorías de Solo urbanizable, que á súa vez se dividen en varias clases:

1. - O solo urbanizable delimitado ou inmediato que pode ser:

- O solo urbanizable delimitado polo propio Plan Xeral de carácter potestativo, que non precisa de plan Parcial posterior, contén a ordenación pormenorizada e que se corresponde substancialmente cos sectores de desenvolvemento urbanístico preferente onde o documento de Estratexia de actuación fixa os prazos e condicións nas que haberán de executarse as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas.
- Solo urbanizable delimitado non ordenado que contén unicamente unha delimitación dos sectores e unha ordenación básica de usos globais, edificabilidades, tipoloxías edificatorias e dos elementos da estrutura xeral, redes e conexións do sector cos sistemas xerais en funcionamento. Deberán ser desenvolvidos mediante Plans Parciais O número de vivendas previstas nos cadros que figura nesta memoria é orientativa, debendo o plan parcial de desenvolvemento determinar o seu número exacto

Delimitáronse dous sectores residenciais na parroquia de Baredo, na zona comprendida entre Rocamar e o cabo Silleiro, (o SUD-1 e o SUD-2) os cales reducíronse considerablemente en extensión con respecto a aprobación inicial por motivo da entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral.

Delimitáronse outros tres sectores contiguos fronte a O Burgo baseándose nas suxestións presentadas en fase de Avance, nun solo que na súa maior parte estaba clasificado como solo urbanizable non programado no plan anterior; son os sectores SUD-4, SUD-5 e SUD-3 as edificabilidades que son similares ás do solo urbanizable non delimitado do documento da aprobación inicial, a pesar de ser contiguas ó solo urbano, e mesmo formaban parte del, dada a topografía do terreo e a súa influencia na paisaxe de Baiona vista dende o mar.

Ademais delimitouse o sector SUD-6 Serralleira, no espazo comprendido entre a vía de alta capacidade e os núcleos de Serralleira, Sopegal e O Caeiro. Non obstante, e como consecuencia das determinacións do Plan de Ordenación do Litoral, foi necesario modificalo, xa que nel se configuraba un corredor que incompatibiliza o desenvolvemento urbanístico nesta zona. Por iso considerouse na súa totalidade zona verde de sistema xeral; unha parte, a mais próxima á canle

do regueiro, clasificada como solo rústico de protección de augas, sendo o resto solo urbanizable de zona verde que se inclúe no que antes se denominaba SUD-7, ó outro lado do acceso da vía rápida, constituíndo o conxunto o SUD-6 - Sopegal-Serralleira.

O SUD-7 correspóndese co solo industrial programado no conxunto. Esta delimitación provén da antiga SUP-2 do plan xeral do 94, a cal amplíase para así dar solución a demanda de solo industrial dentro do concello.

A delimitación do SUD-8 provén dunha zona do SUND-2 da aprobación inicial, mentres que o SUD-9, SUD-10 e SUD-11, correspóndense co anterior SUND-7.

En canto a delimitación do SUD-12, 13, 14 e 15 correspóndense a antigas áreas de reparto, que tralo informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e en base as determinacións da LOUG, optouse de incluír as mesmas dentro de solos urbanizables delimitados por non acadar as condicións de solo urbano e precisar de actuacións urbanizadores para completar os desenrols.

2. - O solo urbanizable non delimitado ou diferido

O Presente plan, non contempla este tipo de solo.

As características destes sectores fíxanse nas fichas do presente plan. En canto a táboa resumo incorpórase a continuación.

### TÁBOA RESUMO DOS SOLOS URBANIZABLES DELIMITADOS PREVISTOS

SUD			SISTEMAS XERAIS								Superficie total edif. (m2)	Vivendas equivalentes estimadas	
Nº	Tipoloxía	Denominación	Superficie neta (m2)	Superficie bruta (m2)	Edificabilidade máx. (m2/m2)	Espazos Libres (m2)	Viario (m2)	Equipamentos (m2)	Espazos Libres adscritos (m2)	Viario adscrito (m2)			Equipamentos adscritos (m2)
01	Residencial	Baredo - A Portela	133.762	145.676	0,22	0	8.114	10.000	8.448	3.466	0	29.428	147
02	Residencial	Baredo - Os Portelos	75.244	95.745	0,22	0	9.396	4.000	16.573	3.928	0	16.554	83
03	Residencial	O Cruceiro	25.605	36.793	0,30	0	4.029	0	11.188	0	0	7.682	38
04	Residencial	O Outeiro	83.614	83.614	0,30	10.000	11.369	4.000	0	0	0	25.084	125
05	Residencial	O Burgo	34.529	40.428	0,30	0	6.800	4.000	5.899	0	0	10.359	52
06	Residencial	Sopegal - Serralleira	73.279	93.277	0,30	10.000	0	4.000	19.998	0	0	21.984	110
07	Industrial	A Igrexa	100.959	143.517	0,60	0	3.997	4.000	32.950	9.608	0	60.575	
08	Residencial	A Ponte - Carballo	78.335	82.215	0,30	5.000	4.999	0	0	3.880	0	23.501	118
09	Residencial	San Antón	22.045	25.052	0,30	0	2.539	0	0	3.007	0	6.614	33
10	Residencial	Covaterreña	83.803	105.579	0,30	0	10.194	0	16.994	4.782	0	25.141	126
11	Residencial	Loureiral	107.462	123.574	0,30	0	12.628	10.000	13.960	2.152	0	32.239	161
12	Residencial	Devesa	49.860	50.878	0,30	8.614	4.942	0	0	1.018	0	14.958	75
13	Residencial	A Ponte Nova	40.520	44.027	0,30	0	7.552	0	3.507	0	0	12.156	61
14	Residencial	Percibilleira	19.155	19.155	0,30	0	0	0	0	0	0	5.747	29
15	Residencial	Monte da Roca	11.213	11.213	0,30	0	0	0	0	0	0	3.364	17

Cumpriranse as reservas mínimas de solo para dotacións urbanísticas locais seguintes:

- Sistema de espazos libres públicos para ámbitos de uso residencial ou hotelero: 18 m2 de solo / 100 m2 edificables con un mínimo de un 10% de la superficie total do ámbito.
- Sistema de espazos libres públicos para ámbitos de uso terciario ou industrial: 10% da superficie total do ámbito.
- Sistema de equipamentos públicos para ámbitos de uso residencial ou hotelero: 10 m2 de solo / 100 m2 edificables.
- Sistema de equipamentos públicos para ámbitos de uso terciario ou industrial: 2% da superficie total do ámbito .
- Prazas de aparcadoiros de vehículos para ámbitos de uso residencial ou hotelero: dúas prazas de aparcadoiros por cada 100 m2 edificables, das que como mínimo, a carta parte debe ser de dominio público .
- Prazas de aparcadoiros de vehículos de uso terciario ou industrial: unha praza de aparcadoiros por cada 100 m2 edificables, das que como mínimo, a carta parte debe ser de dominio público .

### 4.3. SOLO DE NÚCLEO RURAL

Constitúen o solo de Núcleo Rural, os terreos que se inclúen no ámbito dos núcleos rurais delimitados polo planeamento.

#### 4.3.1. O tratamento no Plan anterior

Xa o plan xeral en 1994 puxo de relevo, ó analizar os núcleos de poboación fóra do núcleo urbano central, que a cidade ó expandirse absorbera parte do antigos núcleos rurais, os máis próximos ó núcleo e á costa, creando unha nebulosa que facía imposible fixar con nitidez onde comezaba un núcleo e onde remataba. O encontro co núcleo principal facíase máis palpable pola diferenza de altura nas edificacións, a tipoloxía e intensidade do uso, e na trama viaria, ordenada no núcleo principal, e aparentemente caótico nos núcleos e na zona de transición.

Desta forma, ó igual que fixeron outros municipios costeiros, como o de Vigo. O Plan distinguiu para os efectos clasificatorios entre núcleos rurais de solos clasificado como urbano, os máis próximos ó núcleo central, e de solo non urbanizable, seguindo a metodoloxía da Lei do Solo Galega, vixente entón, que era a lei 9/85.

